



CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 01 DE XULLO DE 2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 09.00 horas do día 01 de xullo de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

### ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE  
 D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

### SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-

D. MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ GÓMEZ  
 D. FAUSTINO SANTIAGO LEMA  
 D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ  
 D<sup>a</sup> RAQUEL FONDO PÉREZ

**SECRETARIA:** D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO

**INTERVENTORA:** Non asiste

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exixido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

### 1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES.-

Aprobación da acta da sesión ordinaria do 26-06-2020. Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha aclaración, non existindo enténdese aprobada por unanimidade.

2.- Expedientes de aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización: **Non contan**

3.- Expedientes de concertación de operacións de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulados das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior: **Non constan**

4.-Expedientes de contratación e celebración de contratos privados conforme a Disposición adicional segunda da LCSP: **Non constan**

7. Escritos e comunicacións: **Informes Técnicos sobre a auga de Corme de data 13-06-2020 e 20-06-2020 respectivamente que litemalmente transcribo:**

### INFORME TÉCNICO DE DATA 13-06-2020

*"Servizo de Urbanismo do Concello de Ponteceso*

*Ernesto Fernando Calvo Pérez, Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais do Concello de Ponteceso, A Coruña, en relación con*

**EXPEDIENTE:** 2019/X999/000304 e 2020/X999/000207.

**ASUNTO:** Informe Semanal sobre os progresos do expediente do "Ciclo da auga en Corme".



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**PETICIONARIO:** Alcalde - Presidente. D. Xosé Lois García Carballido.  
**SITUACION:** Corme - Porto. Ponteceso.

### INFORMA

O obxecto do presente informe semanal é o de dar conta dos progresos acontecidos en relación do ciclo da auga en Corme, tras o análises do acontecido, das intervencións ata agora realizadas e dos datos aportados polas distintas empresas relacionadas co expediente (que se orixinou pola presenza de axentes contaminantes na auga da traída de Corme – Porto).

Tarefa encomendada ao Técnico que redacta o presente informe, segundo á Resolución número 326/2020 da Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local que se ditou con data 03/06/2020.

### Sobre os feitos

Na presente semana, primeira etapa de seguimento dos progresos encomendados a este servizo, retómanse os contactos coas empresas relacionadas no expediente en cuestión, manténdose sendas reunións nos despachos municipais coas seguintes empresas:

- Espina y Delfín S.L. (concesionaria).
- Carlos Busto S.L. (empresa encargada da depuradora e tanque de tormentas).
- Uriker S.L. (empresa encargada das analíticas da auga).
- Ogpo S.L. (adxudicataria para asistencia técnica na elaboración do pregos do ciclo da auga).

Os temas tratados cos representantes da empresa concesionaria (Espina y Delfín S.L.) e da empresa encargada da depuradora e tanque de tormentas (Carlos Busto S.L.) centráronse nos seguintes aspectos:

- 1.- As actuación realizadas polas empresas, dende a data do acontecido ata agora, no ámbito das súas respectivas competencias.
- 2.- As actuacións que se deberían de facer por parte do Concello, no ámbito das súas respectivas competencias, para evitar que se repetiran os feitos acontecidos.
- 3.- Análises xeral da rede actual de abastecemento e saneamento en Corme.
- 4.- Análises da obra adxudicada polo Concello á empresa MACANO SL, relativa a mellora da rede de abastecemento de auga potable de Corme: Tubería de distribución xeral.
- 5.- Análises xeral dos informes emitidos polas empresas APPLUS NORCONTROL SL, EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL e URIKER SL.

Os temas tratados co representante da empresa encargada das analíticas da auga (Uriker S.L.) centráronse nos seguintes aspectos:

- 1.- Análises dos resultados por eles obtidos tras a realización dos ensaios comprendidos entre o 21/05/2020 ao 29/05/2020.
  - 2.- Análise dos resultados presentados por Espina y Delfín S.L. en relación aos boletíns de análises da auga de consumo.
  - 3.- Análises xeral da rede actual de abastecemento e saneamento en Corme.
- Os temas tratados cos representantes da empresa encargada na elaboración dos pregos do ciclo da auga en Corme (Ogpo S.L.) centráronse nos seguintes aspectos:
- 1.- As actuación realizadas polas distintas empresas, dende a data do acontecido ata agora, no ámbito das súas respectivas competencias.
  - 2.- As actuacións que se deberían de facer por parte do Concello, no ámbito das súas respectivas competencias, para evitar que se repetiran os feitos acontecidos.
  - 3.- Análises xeral da rede actual de abastecemento e saneamento en Corme.
  - 4.- Análises dos ensaios presentados pola empresa Uriker S.L. e dos boletíns de análises da auga de consumo presentados pola empresa Espina y Delfín S.L.
  5. Análises xeral da rede de abastecemento de auga potable das parroquias de Corme-Porto, Corme - Aldea e Cospindo. Tuberías de aducción, ETAP e depósito, e rede de distribución secundaria.

### Informe

Valorada a documentación obrante no expediente, considerase que esta non profundiza o suficiente nos aspectos técnicos que poidan ser máis relevantes que eviten que se repita a presenza de axentes contaminantes na auga de traída a Corme – Porto; e consecuentemente o risco que a saúde pública isto conleva.

Así pois, será necesario para avanzar no análises das posibles actuacións a realizar por parte do Concello, obter unha documentación precisa das actuación ata agora realizadas por algunha das empresas, en base a unha documentación clave da súa xestión, para finalmente cotexalos "in situ" e comprobar a súa incidencia en base aos informes realizados polas distintas consultoras requiridas.

Considerase imprescindible a seguinte documentación para avanzar no diagnose do expediente:



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A presentación ao Concello por parte da concesionaria (Espina y Delfín S.L.) do Manual de Xestión no servizo do suministro da auga e da Xestión da rede de saneamento, no ámbito das súas competencias, para as redes nas parroquias de Corme-Porto, Corme - Aldea e Cospindo.

A presentación ao Concello por parte da empresa encargada da depuradora e do tanque de tormentas (Carlos Busto S.L.) do Manual na Xestión da rede de saneamento, no ámbito das súas competencias.

Por outra banda, considerase imprescindible obter a información semanal dos seguintes análises cos fins preventivos e garantir o boa calidade da auga:

A presentación ao Concello dos boletíns de análises da auga de consumo, pola concesionaria do servizo (Espina y Delfín S.L.).

A presentación ao Concello das analíticas da auga, pola empresa Uriker S.L.

Por conseguinte, isto é o que debo informar ao meu máis leal saber e entender, supeditado a calquera outro mellor fundamentado, e para que conste para os efectos oportunos asina a presente en:

En Ponteceso, a 13 de xuño de 2020.

O Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais

Asdo.: Ernesto Fernando Calvo Pérez."

## **INFORME TÉCNICO DE DATA 20-06-2020**

### **"Servizo de Urbanismo do Concello de Ponteceso**

Ernesto Fernando Calvo Pérez, Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais do Concello de Ponteceso, A Coruña, en relación con

<b>EXPEDIENTE:</b>	<b>2019/X999/000304 e 2020/X999/000207.</b>
<b>ASUNTO:</b>	<b>2do. Informe Semanal sobre os progresos do expediente do "Ciclo da auga en Corme"</b>
<b>PETICIONARIO:</b>	<b>Alcalde - Presidente. D. Xosé Lois García Carballido.</b>
<b>SITUACION:</b>	<b>Corme - Porto. Ponteceso.</b>

### **INFORMA**

O Obxecto do presente informe semanal é o de dar conta dos progresos acontecidos en relación co ciclo da auga en Corme e informar do observado, tras as visitas xiradas, nas instalacións de captación, tratamento da auga e depósito relacionadas co expediente (que se orixinou pola presenza de axentes contaminantes na auga da traída de Corme – Porto).

Tarefa encomendada ao Técnico que redacta o presente informe, segundo á Resolución número 326/2020 da Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local que se ditou con data 03/06/2020.

### **Sobre os feitos**

Na presente semana, segunda etapa de seguimento dos progresos encomendados a este servizo, e a espera dos análises e da documentación requirida nas conclusións do informe por min emitido con data 13/06/2020, realízanse unha serie de visitas de campo, na que se inspeccionaron as zonas captación situada nos mananciais de Cuiña, a ETAP e o depósito de Corme (450 m<sup>3</sup> en 2 vasos), situados na zona de As Forcadas e depósito do Alto dá Serra (600 m<sup>3</sup> en 1 vaso) desde onde se envía por gravidade a auga ata o depósito de As Forcadas.

Mananciais - Captación de Cuiña. A primeira vista, a captación atópase en bo estado, pechada e sinalizada. É unha arqueta de 2,00 x 3,00 m equipada con filtro executada sobre un leito aberto (toma en superficie) no punto onde se unen 2 regachos de escasa entidade. Esta configuración faia extremadamente sensible ante probables verteduras contaminantes, así como ante a inevitable caída de restos orgánicos propios dunha zona boscosa como é a área onde se atopa.

Estación de tratamento – ETAP situada no lugar de As Forcadas. Corme. Configúrase a partir dun filtro de area a presión de 20 anos de antigüidade cuxo estado de conservación resulta deficiente (debido, fundamentalmente, á atmosfera extremadamente agresiva para elementos metálicos que resulta habitual nunha instalación deste tipo). Ademais non presenta ningún elemento que permita a decantación previa da auga (básica para mellorar a calidade da auga en episodios de turbidez importante) nin a adición dalgúns reactivos de uso común (coagulantes, estabilizadores do PH, hipoclorito sódico en precloración...). Tampouco existe ningún elemento que permita a automatización da planta nin a detección de contaminantes na auga bruta. Conta na actualidade cun filtro rápido pechado



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL.: 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

e unha sinxela dosificadora automática de hipoclorito sódico de funcionamento continuo (de dosificación manual), aínda que no día da visita esta estaba desconectada da toma de rede eléctrica, e polo tanto deixando se cumprir as súas funcións. O estado de conservación do filtro é malo, presentando corrosión importante en estrutura, bridas, valvulería e tornillería. Destaca tamén a ausencia total de instrumentación. Non hai ningunha sonda de medición en continuo nin sistema algún de telesupervisión.

As antigas instalacións de potabilización, agora en desuso, contaban inicialmente cun proceso de preparación/decantación e catro filtros lentos abertos das que se conserva gran parte da súa estrutura.

Depósito de auga tratada da ETAP de Corme. Con 450 m<sup>3</sup> de capacidade divididos en 2 vasos xemelgos e independentes, e unha antigüidade superior a 50 anos, apenas foi sometido a máis mantemento que o correspondente ás limpezas anuais e unha impermeabilización realizada hai 20 anos.

Dándose por resolta a problemática asociada ao estado da "Rede de Abastecemento de auga potable en Corme" – Tubaxe de distribución Xeral na parte baixa do núcleo de Corme (executada entre o 17/02/2020 e o 21/04/2020), redáctase o presente informe, co obxecto de alertar que o estado actual das instalacións de potabilización inspeccionadas comprometen severamente a prestación do servizo de abastecemento de auga potable a Corme e ameaza á saúde dos seus usuarios.

### Informe

A captación da auga de Corme nos mananciais de Cuña, é unha captación superficial de pequenos regachos que recollen a escorrentía directa e indirecta dunha ampla extensión forestal, carecendo de sistemas de monitoraxe e alarma, sendo moi sensible á contaminación superficial por verteduras nos propios leitos ou nas ribeiras dos mesmos.

Co obxecto de dar unha inmediata solución ao problema, súxírense inicialmente e como paso previo á elaboración dunha análise máis profunda, a través do proxecto técnico correspondente, as seguintes actuacións en relación as instalacións máis idóneas a implantar:

ETAP de Corme: Proponse unha reforma integral do sistema de potabilización instalando 2 depósitos decantadores que permitan a adición dos reactivos previos e a substitución do filtro existente por 2 filtros de alta presión fabricados en PRFV. Proponse tamén a automatización do sistema e a instalación de sondas de turbidez e amonio que corten a entrada á planta en caso de detectarse contaminación na auga bruta.

Depósito de Corme: Proponse a conservación e mellora da infraestrutura, contemplando actuacións tales como a impermeabilización interior dos 2 vasos, a renovación da valvulería existente, a execución dun desaugadoiro que permita baleirar a cámara de chaves, e a instalación dos elementos que permitan a súa comunicación coa ETAP permitindo automatizar o seu funcionamento (sondas de nivel ...).

Por conseguinte, podemos rematar dicindo que o estado xeral, a día de hoxe, do sistema de potabilización e abastecemento de auga municipal do núcleo de Corme Porto é bastante deficiente, presentando serios problemas de mantemento e moi baixos niveis de automatización e control, facéndose imprescindible:

- 1.- Á redacción dun proxecto técnico que resolva o proceso de Potabilización da auga a uns niveis máis garantistes para a saúde pública, que concretamente se centre no sistema de captación, ETAP e o seu depósito.
- 2.- A execución/materialización inmediata do proposto polo proxecto técnico redactado aos efectos.

Por outra banda, débese de requirir a Espina y Delfin S.L. un informe que xustifique o motivo polo que a dosificadora automática de hipoclorito sódico estaba desconectada da toma de rede eléctrica o día 16/06/2020 as 13:00 horas.

Por conseguinte, isto é o que debo informar ao meu máis leal saber e entender, supeditado a calquera outro mellor fundamentado, e para que conste para os efectos oportunos asina a presente en:

En Ponteceso, a 20 de xuño de 2020.

O Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais

Asdo.: Ernesto Fernando Calvo Pérez."

Por parte de Alcaldía dáselle a palabra ao Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais, D. Ernesto Fernando Calvo Pérez.

O Técnico comenta que a pesar de que tiña que haber realizado 4 informes non poido facelos xa que o resto de empresas non presentaron a seguinte documentación que se lle requeriu no primeiro informe:



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

- Espina y Delfín S.L.( empresa concesionaria) non presentou o Manual de Xestión no servizo do suministro da auga e da Xestión da rede de saneamento, no ámbito das súas competencias, para as redes nas parroquias de Corme-Porto, Corme - Aldea e Cospindo.
- Carlos Busto S.L (empresa encargada da depuradora e do tanque de tormentas ) non presentou o Manual na Xestión da rede de saneamento, no ámbito das súas competencias.

O Técnico tamén informa que está todo feito manualmente polo que as condicións están arcaicas , é dicir, o estado xeral, a día de hoxe, do sistema de potabilización e abastecemento de auga municipal do núcleo de Corme Porto é bastante deficiente, presentando serios problemas de mantemento e moi baixos niveis de automatización e control, facéndose imprescindible: Á redacción dun proxecto técnico que resolva o proceso de Potabilización da auga a uns niveis máis garantistes para a saúde pública, que concretamente se centre no sistema de captación, ETAP e o seu depósito.

O Técnico tamén informa que os boletíns de análises da auga de consumo de Espina y Delfin S.L (empresa concecionaria) e as analíticas da auga de Uriker S.L son favorables aínda que a situación é difícil nalgún verquido que non poidamos controlar.

O Técnico propón solicitar á Asistencia a Municipios da Deputación da Coruña comproben mecanicamente se é certo que a rede principal e secundaria de Corme, están conectadas, xa que podería provocar un novo problema.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de obras D. Miguel González Gómez que reitera que o problema de que as redes de sanemamento e abastecemento estén xuntas ou que haxa tramos que estén así.

O señor Alcalde propón se se podería meter ese proxecto no pliego de obras de concesión da auga, ao que o Técnico responde que podería ser unha opción

O señor Alcalde insiste se se podería levar esa captación e coller auga do Anllóns, xa que non se detectou contaminación , ao que o Técnico responde que eso non sería viable xa que pode haber axentes contaminates tamén.

A XGL dase por enterada.

8.- Dación de conta de decretos: **Resolucións dende 19/06/2020 (exp: 2020/G003/000387 RES 359/2020 do 19 de xuño ata 26/06/2020 (exp: 2020/G003/000401 RES 372/2020 do 26 de xuño)**

A XGL dase por enterada.

9.- **ROGOS E PREGUNTAS: Non se presentaron rogos nin preguntas**

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás nove horas e 21 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinando xunto co alcalde.

O Alcalde

A secretaria

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail:

CIF: P1506900H  
REL : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

Asdo.: D. Xosé Lois García Carballido

Asdo: D<sup>a</sup> Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.

FIRMADO POR Antía Pena Dorado (FECHA: 02/07/2020 13:14:00) , Xose Lois García Carballido (FECHA: 02/07/2020 13:16:00)

versión imprimible

CVD: 4YBKsJkF0tgbGdGdmr9G

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.